

NOTA DE PRENSA

Mañá inaugúrase a exposición de pintura de Encarna Álvarez Gallego no Colexio Oficial de Psicoloxía

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018.- Mañá martes 23 de xaneiro ás 19.30 horas inaugurarase a mostra de pintura "Puntadas anónimas" da artista e psicóloga colexiada Encarna Álvarez Gallego na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Nela poderanse contemplar varias obras que se instalarán no interior do Colexio; trátase de cadros nos que emprega tecidos procedentes da actividade de costura familiar, retallos que recolleu da súa nai, costureira, á que homenaxea con esta mostra. Con eles e empregando unha técnica mixta, que pasa polo collage ou a pintura, configura un conxunto pictórico con pezas de carácter abstracto e outras figurativas nas que xoga coas texturas e manchas de cor.

Como sinala a propia artista e psicóloga, "como moitos dos actos femininos, a tarefa de coser permanece no anonimato". Con esta selección de pezas, Encarna Álvarez Gallego emprega estes retallos que alfombraban os espazos da costura de tantas mulleres que cosían nas súas casas e que carecían de valor, para convertelos en obxectos artísticos e ao mesmo tempo, visibilizar unha parte dese traballo cotián e ignorado das mulleres que lle correspondía polos roles de xénero.

A mostra permanecerá no Colexio para a súa libre visita desde o 15 de abril en horario de apertura habitual.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:

981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal